

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@cidolocal.es

BANDO

AXUDAS AOS AFECTADOS POLO IMPACTO ECONÓMICO E SOCIAL DA COVID-19 PARA O ALUGUER DE VIVENDA

O mércores día 06 de abril saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo sobre as axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual.

BENEFICIARIOS

Persoas físicas maiores de idade que na data de presentación da solicitude cumpran os seguintes requisitos:

- Ter un contrato de aluguer, cunha duración mínima dun ano.
- Que a vivenda arrendada constitúa a residencia habitual e permanente.
- Estar ao día do pagamento da renda do alugueiro correspondente ás tres últimas mensualidades inmediatamente anteriores ao primeiro mes para o que se solicita a axuda, agás que o contrato tivese unha vixencia inferior, en cuxo caso deberá estar ao día do pagamento da renda desde o inicio do contrato.
- Estar en situación de vulnerabilidade económica, é dicir, cando concorran os seguintes requisitos:
 - Que a persoa que estea obrigada a pagar a renda de alugueiro pase a estar, a partir do 14 de marzo de 2020, en situación legal de desemprego, ERTE, ou reducise a súa xornada por motivo de coidados, ou cesado a súa actividade en caso de traballador por conta propia, ou outras circunstancias similares.
 - Que o conxunto dos ingresos netos dos membros da unidade familiar, no mes anterior á solicitude, non acade con carácter xeral o límite de 3 veces o IPREM, límite que poderá verse incrementado no caso de fillos ou persoas maiores a cargo ou supostos de discapacidade.
 - Que a renda, máis os gastos e subministracións básicas do mes anterior á solicitude da axuda, resulte superior ou igual ao 35 % dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar. Para estes efectos, entenderase por «gastos e subministracións básicas» o importe do custo das subministracións de electricidade, gas, gasóleo para calefacción, auga corrente, dos servizos de telecomunicación fixa e móbil, e as posibles contribucións á comunidade de propietarios.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será de **ata 500 euros mensuais**, durante un período máximo de seis meses consecutivos.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o **día seguinte ao da publicación da resolución no DOG e rematará o 30 de setembro de 2021** e, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.



Asdo.: Antonio de Dios Álvarez.